

LUIS CILIA: UN COMPROMISO POLITICO I ESTETICO

“E mais fácil ser antifeixista que socialista consecuente”, díxonos Cilia ó remate do recital de antonte. Son siñificativas as verbas de Cilia pois amosannos a traectoria dun home estética e politicamente vencellado os seus principios. Luis Cilia, dende os anos do salazarismo dica Soares; dende primitiva “unidade antifeixista” —verbas de Afonso— deica hoxe, levou sempre o seu compromiso por diante. Compromiso político pola súa oposición a ditadura portuguesa (que o levaría ó exilio), polo seu apoio o vinte e cinco de abril, pola súa participación na campaña de “dinamización cultural” baixo o goberno de Conçalves, e un etcétera que ocupa os últimos anos da vida dun home. Compromiso estético polo feito de fuxir do panfleto, por saber xunquir contido e forma, polo singular xeito de componse e cantar, cunha sensibilidade, unhas inflexions de voz, e unha técnica de acompañamento na guitarra moi característica (arpegios, menores, xogar con acordes ó longo de mástil, etc.) i afectiva.

Foi variado o recital; cancións de amor, cancións íntimas, cancións políticas, temas instrumentales —de Angel Parra e o cubano Leo Brower, encheron as caseque dúas horas que durou o recital. Ca sensibilidade que lle caracteriza, Cilia foi alternando as cancións de fondo contido político, máis doadas a topar eco no público, cas outras, e así conqueréu crebar a frialdade que ó escomenzo sentía o público.

As cancións, novas pra nos, non chegaban tanto o público como era de esperar. A xente pedía “Gabriel” e esperaba “Sempre a mesma melodía”. A resultas desto, non se acadou a comunicación, que estamos habituados a mirar nos recitais de canción-testo. Noustante o público que enchía o teatro de “La Salle” amosouse identificado ca problemática portuguesa; as cancións máis celebradas foron precisamente as que trataban do queime das sedes dos “Partidos progresistas no Norte do país”, a problemática rural —“San Marcos não tem agua”—, e sobor de todo, ca triste experiencia que supuso pra moitos homes de esquerda —entre eles Cilia— o fracaso da revolución do “cravo” roxo. Unha destas cancións, ca que rematou o recital, fala desta teima; chámase “Novembro”, i en ela atopamos a frustración do poeta diante da utilización por parte da dereita dunha suposta revolución. Esta, a carón de “O povo”, é canción irónica que fai burla do paternalismo e a utilización demagóxica da verba “povo”.

Lois RODRIGUEZ ANDRADE